LIVEWORKSHEETS

# A SÍLABA TÓNICA

## Recorda

A **sílaba tónica** é a sílaba dunha palabra que se pronuncia con máis intensidade. As demais sílabas da palabra son átonas. Nalgunhas palabras, a sílaba tónica márcase cun acento gráfico, que é unha raíña que se pon enriba da vogal tónica de acordo cunhas determinadas regras.

### 1. Le e selecciona a palabra que non teña a sílaba tónica na posición indicada.

| Último lugar<br>Agudas | Penúltimo lugar<br>Graves | Antepenúltimo lugar<br>Esdrúxulas |
|---|---|---|
| Automoción | Automóbil | Plátano |
| Botella | Aeroporto | Cárcere |
| Ferrocarril | Ordenador | Sílaba |
| Pasadomañá | Lapis | Dicionario |

### 2. As tildes teñen moita importancia. Sinala a opción correcta en cada caso.

- Xa o di o refrán: «Máis vale maña / mañá ca forza»
- A Iria metéuselle unha area / área nun ollo, caeu e mancou a man.
- Ágora / agora chegou a vosa oportunidade de gañar.
- O publico / público saiu moi contento da representación.
- A vindeira semana actuará / actuara a orquesta de Galicia.
- Dixechesme / dixéchesme que o fixera moi ben.



LIVEWORKSHEETS

# REGRAS DE ACENTUACIÓN

**Recorda**

As **palabras agudas** acentúanse cando acaban en vogal, en -n, en -s, ou -ns.
As **palabras graves** acentúanse cando *non rematan* en vogal, en -n, en -s, ou -ns.
Todas as **palabras esdrúxulas** levan acento gráfico.

**1.Identifica as palabras agudas, clasifícaas e pon til onde sexa preciso.**

- avion - camions - curman - Andres - botella - mesa
- cafe - compostelans - Ines - medico - porta - mama -

Non son agudas: _____ _____ _____ _____

Agudas rematadas en vogal: _____ _____

Agudas rematadas en -n: _____ _____

Agudas rematadas en -s: _____ _____

Agudas rematadas en -ns: _____ _____

**2.Sigue as indicacións e atoparás oito palabras graves. Escríbeas e acentúaas se cómpre.**

| | A | B | C | D | E | F |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | CA | PAR | SO | BRE | TA | LO |
| 2 | RU | EN | SA | RA | TER | BIL |
| 3 | DEL | HA | BO | DER | ME | RE |
| 4 | BOL | NO | CE | HAMS | DO | LIZ |

B1+A2+F1 → ____________

B2+C4+D2+E4 → ____________

A1+F4 → ____________

C1+D1+E3+C2 → ____________

D4+E2 → ____________

B3+F2 → ____________

A1+D3+B4 → ____________

A4+C3+F3+E1 → ____________

**3.Estas palabras borráronse da carta. Acentúaas e escríbeas onde corresponda**

- clinica - hectareas - catastrofe - dificiles - Candida - Africa -

Ola___________ :

Hai un mes xa que estamos en ___________.
Fixemos moitos avances. Temos rematada a ___________ e a xente está encantada.
Esta semana choveu tanto que se inundaron miles de __________ de cultivo. Foi unha ___________ e agardannos semanas___________.
Espero recibir moi pronto novas túas.
Unha aperta.

Elvira